

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

EXTRACTO da Resolución do 27 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula e se convoca para o ano 2019 o programa de axudas para a participación no programa Aventúrate con Galicia, dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas e que residan no exterior (código de procedemento PR930B).

BDNS (Identif.): 447401.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Mozos e mozas que teñan a súa residencia habitual fóra de Galicia, nados en Galicia ou que sexan descendentes de persoas emigrantes galegas. As persoas participantes deberán ter, o 30 de xullo de 2019, unha idade comprendida entre os 15 e os 17 anos.

Segundo. *Obxecto*

Regular as axudas correspondentes ao programa Aventúrate con Galicia para o ano 2019, que ten por finalidade facilitarlle á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 27 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula e se convoca para o ano 2019 o programa de axudas para a participación no programa Aventúrate con Galicia, dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas e que residan no exterior (código de procedemento PR930B).



Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións convocadas destinarase un crédito total de 10.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.226.07.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2019

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

